AS NOITES DE CABIRIA

[*Le notti di Cabiria*, Federico Fellini, 1957, 112’]

Idioma **Italiano** Guión **Tulio Pinelli, Federico Fellini, Ennio Flaiano**
Fotografía **Aldo Tonti** Montaxe **Leo Cattozzo** Música **Nino Rota**
Adaptación dos diálogos en dialecto romano **Pier Paolo Pasolini**
Produción **Dino de Laurentiis, Les Films Marceau** Distribución **Classic Films**
Reparto**, Giulietta Masina, François Périer, Amedeo Nazzari, Aldo Silvani, Franca Marzi, Dorian Gray**

María “Cabiria” Ceccanelli exerce a prostitución nun dos barrios máis pobres de Roma, preto das Termas de Caracalla, quilómetro 18 da estrada a Ostia, nos arrabaldes da cidade. Soña con atopar o amor verdadeiro, cun home a quen se entregar en corpo e alma. Mais tal desexo e a súa bondade, ademais dunha certa inxenuidade, convértena en vítima de sucesivos vividores que se aproveitan dela. As contrariedades non afectan o seu espírito, que cobra esperanzas renovadas unha e outra vez malia os sucesivos fracasos.

☞ Oscar ao Mellor Filme de Fala Non Inglesa, 1957.
☞ Mellor Actriz (Masina) e Mención Especial no Premio OCIC en Cannes, 1957.

VINDEIRAS SESIÓNS: FEDERICO FELLINI

MARTES 18.2.2020 ás 20:30 h
FELLINI, 8 ½ (1963, 138 min., VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#118
11.2.2020

AS NOITES DE CABIRIA

FEDERICO FELLINI

CINECLUBE PONTEVEDRA

FACER UNHA PELÍCULA FEDERICO FELLINI (II)

D'*As noites de Cabiria* lembro que ao principio só tiña un contiño, unha personaxiña ideada para Anna Magnani. Rossellini buscaba unha idea para rodar un filme breve e engadirllo a unha curta xa realizada. Ou ao revés, non lembro, foi a propia Magnani nun restaurante a que me dixo: «No canto de estar comendo aquí, de engordar e perder ese aire romántico de morto de fame, por que non me escribes unha bela historia para o tolo do teu amigo Roberto?». Evidentemente, a historia debía «facer chorar, rir, ser algo neorrealista mais agradable; estar ben feita, coma os filmes norteamericanos de antes da guerra; ser unha acta de acusación precisa contra a sociedade, mais suxerir unha palabra de esperanza; e tamén, a toda custa, incluír unha bonita canción romana».

Caíame simpática a Magnani, admirábaa, mais metíame respecto, con ese aire escuro de raíña dos ciganos, as longas miradas silenciosas, os ataques de risa roncos en intres inesperados. Semellaba sempre resentida, enfastiada, alterada. Mais había unha mociña tímida, que tras daquela sobrecella ameazadora, agochaba unha inxenuidade, un pudor selvático, un sentimento cálido...

Conversando un pouco con Pinelli fiamos unha historieta que non estaba mal: unha prostituta que, paseando por Via Veneto, ve saír dun club nocturno unha muller estupenda con peles de visón perseguida por un home de esmóquin, alto e robusto, un divo popular daquela época. O home e a muller, a súa amante, pelexan. El, furioso, mentres sobe ao seu Cadillac, sorprende a mirada asombrada, absorta da prostituta que asiste ao altercado. Por un capricho improvisado de exhibición provocadora, o divo faina subir ao coche e lévaa á súa luxosa casa, onde lle ofrece champaña e langosta. Mais cando ambos están por sentar á mesa, reaparece a amante decidida a proseguir a pelexa. O home apresúrase a pechar no baño á prostituta, dende onde asiste, fascinada e curiosa, ao enfrontamento. De xeonllos no pavimento de mármore do cuarto de baño, co ollo pegado ao buraco da pechadura, que enmarca a escena coma o cadro dun filme, a pobre ve coma os amantes acaban por se botar un en brazos do outro e se beixan apaixoadamente.

Conteille á Magnani o mellor que puiden este episodio, insistindo na descrición dos detalles que me semellaban máis atractivos para unha actriz. Decateime polo aire cada vez máis distante que ía adoptando, polo excesivo interese co que miraba as súas unllas, por un pequeno bocexo apenas sufocado, e por certos suspiros graves de amargura privada, de que a historia e a personaxe non gozaban da súa simpatía. Cortoume, seca: «Ai, Federí, pero ti pensas que unha coma min se deixa pechar no retrete por unha merda de actor?». Mirei a Rossellini procurando axuda. Prendeu un cigarro e preguntoume se tiña outra idea.

Pasaron os anos. Con Pinelli escribín outros guións. Entre eles, o d'*O xeque branco,* que tamén dirixín. Ten unha secuencia nocturna, nunha praciña resonante de fontes nunha Roma monumental e miserable, onde un maridiño abandonado pola súa dona durante a viaxe de vodas confíalles saloucando o seu drama a dúas prostitutas, daquela moi de moda no cinema italiano, que escépticas e maternais, escoitan e reconfórtano. Unha enorme, monumental; a outra pequecha, con catiúscas, chaquetiña de plumas de polo e ollos redondos, desorbitados. Rodando a escena, deille nome a esta personaxe, que non existía no guión: Cabiria. Interpretábao Giulietta Masina coa súa inspiración graciosa e surreal. Aquela mesma noite pensei que nacera unha personaxe que había ter a mesma forza, simpatía e conmoción cá Gelsomina de *La strada*. Cabiria comezou a acompañarme. Co fin de tela tranquila, prometíalle un filme para ela soa.

Pasado algún tempo, mentres rodaba *Almas sen conciencia* entre as vellas murallas do antigo acueduto romano da barriada de San Felice, observei, illada das demais casiñas, unha minúscula barraca feita con pranchas de latón e vellas caixiñas de froita. Achegueime incrédulo, empurrei a porta entreaberta e asomei a cabeza. O interior tiña un encanto desgarrador: cortinas de flores, pucheiros pendurados ordeadamente da parede, unha mesiña de ferro coa superficie de mármore e un centro bordado cun vasiño de margaridas enriba. Sobre un colchón para nenos estaba sentada unha muller, a propietaria. Vin que só levaba enriba unha toalla de flores; logo, cando se volveu, unha cabeza chea de rizos e dous ollos axitados que miraban asombrados pola miña falta de pudor. Un intre despois fun obrigado a retirarme e a correr prado adiante perseguido por berros, insultos, patacas e mondas de melón. Alguén me contou despois que a muller, dende había algún tempo, estaba como tola porque recibira unha folla de papel en que lle dicían que ían derribar a súa casa porque era ilegal. A pobre, desesperada de raiba, pensou que eu era un alguacil do alcalde que estaba aí para destruílo todo. Foi só contra o anoitecer, logo de me observar todo o día dende lonxe traballando co equipo, cando se convenceu de que non tiña nada en contra dela.

Nos días que seguiron, contoume algunhas cousas da súa vida, alternando episodios dunha realidade atroz e brutal con outros que se adiviñaban claramente inventados, prestados de filmes que vira ou de novelas de quiosco. Obstinábase teimudamente en mesturar uns e outros, confundíndoo todo por unha necesidade desgarradora de crer que a súa vida de desgraza era tal e como ela a contaba, coloreándoa con inxenuas fantasías sentimentais de nena ignorante e desafortunada. Pois ben, así, paso a paso, naceu *As noites de Cabiria.*

FELLINI, F. (1999). *Hacer una película*. Barcelona: Ediciones Paidós.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.